

9188 *ORDE APA/1592/2006, do 18 de maio, pola que se regula o procedemento de autorización para o exercicio da actividade da pesca do coral vermello. («BOE» 125, do 26-5-2006.)*

A pesca do coral vermello *Corallium rubrum* está regulada no Real decreto 1415/2005, do 25 de novembro, polo que se regula a pesca de coral vermello e a súa primeira venda, que establece as normas técnicas, os requisitos referidos ao exercicio de actividade e a concesión de autorizacións de pesca.

Esta orde, en cumprimento do establecido no citado real decreto, regula o procedemento para a obtención de autorizacións de pesca de coral no ámbito establecido no seu artigo 1.

Na elaboración desta disposición foron consultados todas as comunidades autónomas do litoral, o Instituto Español de Oceanografía e o sector pesqueiro afectado.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Primeiro. Obxecto.- Esta orde ten por obxecto regular os requisitos e o procedemento de concesión das autorizacións para a pesca de coral vermello, así como o número máximo destas para cada ano natural nas zonas establecidas no anexo I. Todo iso sen prexuízo da existencia das reservas mariñas ou de pesca en que está prohibida a pesca do coral vermello.

Segundo. Solicitudes e prazo de presentación.

1. As solicitudes para participar nesta convocatoria dirixiranse ao director xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima e poderán ser presentadas no rexistro do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes, cubertas segundo o modelo que figura no anexo II, deberán ir acompañadas da documentación que se sinala no punto cuarto.

3. Deberá presentarse unha solicitude para cada zona de pesca en que o interesado desexe obter autorización, de acordo co que se establece no anexo I.

4. Só se poderá solicitar unha autorización cando nunha mesma comunidade autónoma se atopen situadas dúas zonas das sinaladas no anexo I.

5. As solicitudes presentaranse durante o mes de setembro de cada ano.

Terceiro. Requisitos.- Os interesados en obter a autorización deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título oficial de mergullador profesional que habilite para descender ás profundidades ás cales se pretende extraer o coral.

b) Dispor dunha embarcación auxiliar que deberá estar dada de alta na lista 4.^a do Rexistro de Buques e das Empresas Marítimas e no Censo da frota pesqueira operativa, e deben cumprir a normativa do Código Internacional de sinais e a Orde do Ministerio de Fomento do 14 de outubro de 1997, que aproba as normas de seguranza nas actividades subacuáticas, e os requisitos establecidos nos artigos 22 e 23 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Cuarto. Documentación.- As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do título de mergullador profesional que habilite para descender ás profundidades ás cales se pretende extraer o coral.

b) Caderno de actividades subacuáticas ou equivalente debidamente actualizado ou fotocopia compulsada deste.

c) Caderno de inscrición marítima ou fotocopia compulsada deste.

d) Rol das embarcacións que se pretenden utilizar ou fotocopia compulsada deste.

Quinto. Baremo aplicable.- As autorizacións concederanse atendendo ao criterio exclusivo de antigüidade demostrada no exercicio da actividade autorizada, segundo o seguinte baremo:

a) Dous anos de antigüidade: 10 puntos.

b) Cada ano adicional de exercicio da actividade ininterrompida: 5 puntos, ata un máximo de 40 puntos.

No suposto de se produciren empates, efectuarase un sorteo entre os aspirantes que obtivesen igual puntuación. O acto do sorteo será público e terá lugar na sede da Secretaría Xeral de Pesca Marítima.

Sexto. Proposta de resolución.- A Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros elaborará unha proposta de resolución na cal figure a listaxe dos posibles beneficiarios resultante da comprobación do cumprimento dos requisitos exixidos, da aplicación do baremo descrito no punto anterior e, de ser o caso, do sorteo realizado.

A proposta de resolución notificaráselles aos solicitantes, para levar a cabo sobre ela e os demais documentos que constan no expediente, o trámite de audiencia previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Sétimo. Resolución.

1. O director xeral de Recursos Pesqueiros elevará a proposta de resolución ao secretario xeral de Pesca Marítima, quen ditará resolución motivada.

2. O prazo máximo de resolución e notificación do procedemento será de catro meses contados desde a terminación do prazo de presentación de solicitudes.

Os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes polo transcurso do prazo máximo para resolver sen que se notificase a resolución, sen prexuízo do deber de ditar resolución expresa sinalado no artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. A resolución do secretario xeral de Pesca Marítima non esgota a vía administrativa, e contra ela poderá interpoñerse recurso de alzada ante o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición adicional primeira. Prohibición de pesca nos períodos de vedas en augas interiores.

Prohíbese a extracción de coral vermello en augas exteriores nos períodos de veda decretados pola comunidade autónoma respectiva en augas interiores.

Disposición adicional segunda. Comunicación de novos bancos de coral.

Os pescadores de coral que obtivesen autorización de pesca porán en coñecemento da Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros o descubrimento de novos bancos de coral.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Queda derogada a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 15 de marzo de 1985, pola que se desenvolve o Real decreto 1212/1984, do 8 de xuño, polo que se regula a pesca de coral.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.19.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 18 de maio de 2006

ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Delimitación de zonas para a pesca de coral vermello en augas exteriores

Zona	Delimitación	Número máximo de autorizacións
1. Cataluña	Augas situadas fronte ao litoral da provincia de Girona, desde a liña E/W, de Arenys de Mar ata a fronteira francesa.	12
2. Illes Balears/Mallorca.	Augas da canle de Mallorca-Menorca.	10
3. Illes Balears/Menorca.	Augas do norte de Menorca comprendidas entre a Punta Natí e a Punta de S'Esperó	10
4. Almería.	Augas situadas fronte ao litoral da provincia de Almería	5
5. Rexión sur-atlántica.	Augas da rexión sudatlántica, comprendidas desde a fronteira con Portugal ata Punta Tarifa	10

ANEXO II

Solicitud de autorización de pesca de coral vermello en augas exteriores

Ano.....

Don / Dona.....,

con DNI ou pasaporte número

con domicilio en.....

e teléfono....., solicita unha autorización de pesca de coral vermello, e para este fin achega os documentos seguintes:

- 1. Fotocopia compulsada do título de mergullador profesional que habilite para descender ás profundidades ás cales se pretende extraer o coral.
- 2. Caderno de actividades subacuáticas ou equivalente debidamente actualizado ou fotocopia compulsada deste.
- 3. Caderno de inscrición marítima ou fotocopia compulsada deste.
- 4. Rol das embarcacións que se pretenden utilizar ou fotocopia compulsada deste.

En..... o..... de de 2.. ...

O/A solicitante,

Sr. Director xeral de Recursos Pesqueiros. Secretaría Xeral de Pesca Marítima. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

9190 *ORDE PRE/1594/2006, do 23 de maio, pola que se modifica o anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal. («BOE» 125, do 26-5-2006.)*

O Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal, incorporou ao noso ordenamento a Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de maio de 2002, sobre substancias indesexables na alimentación animal.

A devandita directiva foi modificada pola Directiva 2005/86/CE, da Comisión, do 5 de decembro de 2005, pola que se modifica o anexo I da Directiva 2002/32/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de maio de 2002, no referente ao canfecloro, e pola Directiva 2005/87/CE, da Comisión, do 5 de decembro de 2005, pola que se modifica o anexo I da Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre substancias indesexables na alimentación animal, no referente ao chumbo, o fluor e o cadmio.

Mediante esta orde incorpóranse as citadas directivas, mediante a modificación do anexo do Real decreto 465/2003.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 465/2003, do 25 de abril.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados, e emitiu informe a Comisión interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal.*

Os puntos 2, 3, 6 e 19 do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal, substitúense polos correspondentes incluídos no anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 26 de decembro de 2006.

Madrid, 23 de maio de 2006

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Sras. Ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo